

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE AGRICULTURA E PESCA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

12434 *Real decreto 599/2016, do 5 de decembro, polo que se regula a licenza de uso da marca «Reservas de la Biosfera Españolas».*

O programa MaB «Persoa e Biosfera» da UNESCO é un instrumento para formular criterios e exemplificar un novo modelo de relación do ser humano coa natureza. Un exemplo particular destas intencións e obxectivos son as reservas da biosfera, espazos singulares que, sen que iso implique necesariamente un réxime xurídico especial, son recoñecidos pola UNESCO como áreas de referencia onde levar á práctica unha nova maneira de relación do home coa natureza.

A Rede de reservas da biosfera españolas constitúe un subconxunto definido e recoñecible da Rede mundial de reservas da biosfera. A regulación, caracterización e potenciación destas reservas de biosfera baséase no feito de que constitúen un modelo de xestión integrada, participativa e sustentable do patrimonio e dos recursos naturais, cos obxectivos básicos de conxugar a preservación da biodiversidade biolóxica e dos ecosistemas cun desenvolvemento ambientalmente sustentable que produza a mellora do benestar da poboación, potenciando a participación pública, a investigación, a educación na integración entre desenvolvemento e ambiente, e a formación en novas formas de mellorar esa integración.

O Real decreto 342/2007, do 9 de marzo, polo que se regula o desenvolvemento das funcións do programa MaB, así como o comité español do citado programa, no organismo autónomo Parques Nacionais, e o Real decreto 387/2013, do 31 de maio, que o modificou, identifican o organismo autónomo Parques Nacionais como organismo público encargado da coordinación do desenvolvemento do programa MaB da UNESCO en España. Entre as súas funcións, compételle impulsar e coordinar as actividades que constitúen a contribución española ao Programa internacional sobre a persoa e a biosfera, no campo da conservación do patrimonio natural, do desenvolvemento sustentable, da formación e, en particular, da promoción do concepto de reserva da biosfera.

Co obxectivo fundamental de impulsar e coordinar a promoción do concepto de reserva da biosfera, o organismo autónomo Parques Nacionais, coa conformidade do Consello de Xestores do Comité Español do Programa MaB, creou a marca «Reservas de la Biosfera Españolas». Esta debe destacar e diferenciar determinados produtos artesanais e naturais dos territorios recoñecidos como reservas da biosfera, así como os produtos elaborados e servizos dos municipios que pertencen ás reservas e que contribúan a cumprir coas funcións básicas de conservación, desenvolvemento e apoio loxístico destas, sempre de acordo co plan de xestión da correspondente reserva, respectando así as singularidades de cada unha delas.

A Liña de acción estratéxica C.7 da Estratexia do programa MaB da UNESCO (2015-2025), aprobada pola 38.^a Conferencia Xeral da UNESCO, que tivo lugar en París o 17 de setembro de 2015, recoñece a marca mundial «Reserva de la Biosfera», pero cun carácter complementario á marca local, como sería a de «Reservas de la Biosfera Españolas». Pode, pois, regularse unha marca nacional porque o termo «locais» referido ás marcas complementadas á internacional, dado que se trata dun acto de dereito internacional, debe entenderse tanto referido ás estritamente locais, desde a perspectiva do dereito interno, como ás marcas autonómicas e estatais. A marca establecida pola UNESCO poderá dar unha maior visibilidade e difusión aos produtos, incluso a nivel mundial, pero serán as marcas locais as que outorguen e verifiquen as correspondentes garantías de calidade e procedencia xeográfica dos produtos aos consumidores.

Ademais, o establecemento da marca internacional aínda non se produciu; será a finais do ano 2018, como sinala o propio obxectivo C7.1 do Plan de acción de Lima para o programa MaB aprobado durante o 4.º Congreso Mundial de Reservas da Biosfera o 17 de marzo de 2016 e pola 28.ª reunión do CIC do MaB o 19 de marzo de 2016.

Por iso, considérase conveniente e oportuno o recoñecemento da marca «Reservas de la Biosfera Españolas» e, en consecuencia, a aprobación dunha normativa que regule as normas e os requisitos para a concesión, mantemento e extinción da licenza de uso da dita marca, sendo esta conforme coa futura marca internacional, segundo a proposta do Plan de acción de Lima referido anteriormente, e coa Lei 17/2001, do 7 de decembro, de marcas.

Este real decreto constitúe unha aplicación do artigo 50 e desenvolvemento adicional dos artigos 68 ao 70, todos eles da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade.

Na súa elaboración consultouse a Oficina Española de Patentes e Marcas e o Comité Español do Programa MaB.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros, na súa reunión do día 2 de decembro de 2016,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Aspectos xerais

Artigo 1. *Obxecto, titularidade e aspectos básicos da licenza de uso da marca.*

1. O presente real decreto establece as normas e os requisitos para a concesión, mantemento e extinción da licenza de uso da marca «Reservas de la Biosfera Españolas».

2. O organismo autónomo Parques Nacionais, do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, é o titular da marca «Reservas de la Biosfera Españolas», en virtude da súa inscrición na Oficina Española de Patentes e Marcas.

3. A licenza emitida en aplicación do presente regulamento de uso recibe o nome de licenza do organismo autónomo Parques Nacionais de produto ou servizo para o uso da marca «Reservas de la Biosfera Españolas».

4. A licenza de uso concederase a un produto ou servizo determinado na licenza e non constituirá unha certificación dos servizos que puidesen estar relacionados co produto obxecto da certificación nin dos produtos que puidesen estar relacionados co servizo obxecto da certificación.

5. A marca «Reservas de la Biosfera Españolas» só poderá asociarse a calquera outro tipo de marca comercial nos termos previstos no artigo 19.

Artigo 2. *Definicións.*

Para efectos do presente regulamento teranse en conta as seguintes definicións dos tipos de produtos empregados e do órgano de control externo:

a) Produto natural: produto que se encontra na natureza como tal, ben illado ou integrado con outros e que se obtén directamente ou mediante procesos físicos simples, onde non se usen axentes químicos a excepción da auga, tales como prensadura, destilación simple, decantación, centrifugación, evaporación, etc.

b) Produto elaborado: produto que non se encontra na natureza como tal e que procede da transformación e/ou combinación doutros produtos, excluindo aqueles que entren dentro da definición de produto natural.

c) Produto artesanal: os producidos por artesáns, xa sexa totalmente á man ou coa axuda de ferramentas manuais, ou mesmo de medios mecánicos, sempre que a contribución manual directa do artesán siga sendo o compoñente máis importante do produto acabado. Prodúcese sen limitación polo que se refire á cantidade e utilizando materias primas procedentes de recursos sustentables. A natureza especial dos produtos artesanais baséase nas súas características distintivas, que poden ser utilitarias, estéticas, artísticas, creativas, vinculadas á cultura, decorativas, funcionais, tradicionais, simbólicas e significativas relixiosa e socialmente.

d) Órgano de control externo: entidade, pública ou privada, externa e independente dos órganos de xestión da reserva da biosfera, responsable de avaliar a conformidade e certificar o cumprimento dos requisitos recollidos na norma que regule o uso da marca propia de cada reserva da biosfera en concreto.

Artigo 3. *Función e alcance da marca.*

A marca «Reservas de la Biosfera Españolas» destacará e diferenciará aqueles produtos naturais e artesanais dos territorios recoñecidos como reservas da biosfera e aqueles produtos elaborados e/ou servizos de empresas dadas de alta nalgún dos municipios que pertencen ás reservas e que contribúan a unha ou máis das funcións básicas que deben cumprir as reservas da biosfera (conservación, desenvolvemento e apoio loxístico), así como que estean de acordo co plan de xestión da correspondente reserva da biosfera, respectando así as singularidades de cada unha delas. Para iso, os produtos e/ou servizos deben cumprir cunha serie de criterios e deben proverse coa calidade definida neste regulamento, ademais de ser ambientalmente respectuosos. Da mesma forma calquera produto ou servizo susceptible de ser diferenciado polas marcas específicas de cada reserva poderá, pola súa vez, obter a licenza de uso da marca «Reservas de la Biosfera Españolas», sempre e cando cumpra coas premisas básicas de calidade e procedencia descritas neste regulamento.

Artigo 4. *Licenciario.*

1. Calquera persoa física ou xurídica que realice a súa actividade nalgún dos municipios que pertencen á reserva da biosfera poderá solicitar a concesión da licenza de uso da marca para un ou varios dos seus produtos ou servizos sempre que se cumpran os requisitos que se establecen neste real decreto e os requisitos específicos adicionais exixidos pola correspondente reserva da biosfera na súa marca propia.

Para a concesión da licenza de uso da marca é desexable, aínda que non vinculante, que as persoas físicas ou xurídicas solicitantes teñan en conta o Pacto mundial de Nacións Unidas (Global Compact) que persigue promover, a través de dez principios, a responsabilidade social empresarial (RSE) nas áreas de dereitos humanos, normas laborais, ambiente e loita contra a corrupción nas actividades e na estratexia de negocio das empresas. A adhesión ao referido pacto unicamente supón a vontade de implantar boas prácticas empresariais sen que comporte ningunha obriga xurídica nin doutro tipo. Non é necesario, para concesión da licenza de uso da marca, que as empresas solicitantes estean adheridas ao Pacto mundial de Nacións Unidas. Os principios recollidos no meritado pacto enuméranse e desenvólvense no anexo III.

2. A licenza de uso da marca «Reservas de la Biosfera Españolas» non é exclusiva.

Artigo 5. *Categorías, produtos e servizos baixo a protección da marca.*

1. A licenza de uso da marca poderase conceder a aqueles produtos e servizos que sexan conforme coas especificacións establecidas no artigo 10 e nos anexos I e II, e dividiranse nas seguintes categorías:

- a) Produtos agroalimentarios.
- b) Produtos artesáns.

c) Produtos e servizos turísticos (aloxamentos, restauración, outros servizos turísticos).

d) Eventos.

e) Outros produtos e servizos.

2. Cada órgano de xestión da reserva da biosfera fixará os requisitos específicos que deberán cumprir os produtos e servizos da súa reserva co fin de adaptalos ás singularidades de cada unha delas e ao fixado no seu plan de xestión, sen prexuízo dos requisitos xerais recollidos neste regulamento.

CAPÍTULO II

Órganos competentes

Artigo 6. *Organismo autónomo Parques Nacionais.*

O organismo autónomo Parques Nacionais é o órgano de control responsable do bo uso da marca «Reservas de la Biosfera Españolas» como titular desta. Correspóndelle o exercicio das funcións previstas no artigo 10.6 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas, respecto da dita marca. Será o encargado de manter actualizado o rexistro descrito no artigo 15.

Artigo 7. *Consello de Xestores do Comité Español do programa MaB.*

O Consello de Xestores do Comité Español do programa MaB, creado polo Real decreto 342/2007, do 9 de marzo, apoiará o órgano de control para a avaliación das solicitudes presentadas polos interesados para a obtención da licenza de uso da marca «Reservas de la Biosfera Españolas», así como para asesorar o órgano de control sobre calquera tema de interese referente ao uso da marca.

Artigo 8. *Reservas da biosfera.*

1. Aquele reserva da biosfera que queira que os produtos producidos ou servizos prestados dentro da súa reserva contén co distintivo da marca «Reservas de la Biosfera Españolas» deberán contar:

a) Cun órgano de xestión funcional.

b) Cun plan de acción en vigor.

c) Cun sistema de marca rexistrada propia.

d) No caso de servizos turísticos, a reserva da biosfera debe estar adherida ao Club de Produto Turístico Reserva da Biosfera.

2. O sistema de marca propia de cada reserva da biosfera fixará, entre outros puntos, en relación con esta marca:

a) O control e seguimento da marca propia que deben terse en conta á hora de definir un sistema de control desta marca.

b) Os requisitos específicos para os produtos producidos e servizos prestados na súa reserva que recollan as singularidades da dita reserva e o fixado no seu plan de xestión, e que sexan acordes cos requisitos fixados neste regulamento.

3. Cando a reserva da biosfera, no momento de aprobarse este regulamento, contase cun sistema de marca propia e este non recollese os puntos fixados na anterior epígrafe, o órgano de xestión desta deberá modificar ou complementar o seu sistema recollendo os requisitos anteriores para poder acollerse á marca «Reservas de la Biosfera Españolas».

4. O sistema de control garantizará o cumprimento dos requisitos exixidos por este regulamento, así como aqueles requisitos adicionais fixados polo órgano de xestión da correspondente reserva da biosfera que permitan asegurar que son acordes co seu plan

de xestión. A este respecto, o organismo autónomo Parques Nacionais e os órganos de xestión das reservas da biosfera definirán os requisitos mínimos para realizar o control e seguimento, como a periodicidade, visitas *in situ*, documentación, memoria de sustentabilidade, etc.

5. No caso de que o control sexa realizado por un órgano externo, este deberá cumprir cos requisitos mínimos enumerados no seguinte punto. Os órganos de xestión das reservas da biosfera poderán establecer requisitos máis exixentes cando así o consideren oportuno ou necesario.

6. O órgano de control externo deberá cumprir, como mínimo, cos seguintes requisitos:

a) Ser unha entidade xurídica independente cuxo obxecto social recolla a actividade da realización de auditorías técnicas no campo da calidade e o ambiente.

b) Dispoñer de técnicos cualificados como auditores no campo da calidade e o ambiente.

c) Estar acreditado no campo da calidade e da xestión ambiental.

d) Dispoñer de procedementos para a realización das auditorías e avaliacións que hai que realizar ás empresas e entidades solicitantes.

e) Ser unha entidade privada ou pública independente das partes interesadas (Administración, empresas obxecto de aplicación da marca Reservas de la Biosfera Españolas, membros do organismo autónomo Parques Nacionais, reservas da biosfera, etc.).

f) A entidade non poderá exercer actividades de consultoría nas empresas obxecto da marca «Reservas de la Biosfera Españolas».

7. O organismo autónomo Parques Nacionais valorará en cada caso se o sistema desenvolvido polo órgano de xestión da reserva da biosfera permite asegurar a protección da marca xeral.

8. Os órganos de xestión das reservas da biosfera realizarán un informe anual que entregarán ao organismo autónomo Parques Nacionais en que se recollerán todas as licenzas de uso desta marca concedidas nas súas reservas e, se é o caso, as incidencias con estas, así como os produtos e servizos para os cales se concederon.

CAPÍTULO III

Proceso de autorización

Artigo 9. *Solicitud.*

O interesado, persoa física ou xurídica referidas no artigo 4 deste regulamento, dirixirá a solicitude para a licenza do uso da marca «Reservas de la Biosfera Españolas» xunto coa documentación que acredite o cumprimento dos requisitos definidos neste regulamento e, se é o caso, pola propia reserva, ante o órgano de xestión da reserva da biosfera a que pertenza o municipio onde se produza o produto ou estea rexistrada a empresa, ou en calquera dos lugares previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Artigo 10. *Requisitos e documentación necesaria para a concesión da licenza do uso da marca «Reservas de la Biosfera Españolas».*

1. Todos os produtos e servizos para os cales se solicite a licenza de uso da marca deberán cumprir coa lexislación específica, incluíndo a ambiental e sociolaboral, que lles sexa de aplicación, así como contar cos permisos, licenzas e autorizacións correspondentes.

2. Xunto con estes requisitos xerais, demostrárase o cumprimento dos demais requisitos establecidos neste regulamento, aqueles establecidos no anexo II e os fixados polo órgano de xestión da reserva da biosfera correspondente.

3. O solicitante presentará a solicitude xunto coa documentación que permita comprobar o cumprimento da lexislación citada nos puntos anteriores.

4. O órgano de xestión da reserva da biosfera encargárase de comprobar o cumprimento dos requisitos establecidos nos puntos anteriores para poder continuar co proceso de concesión da licenza de uso da marca.

5. No caso que se conte cunha certificación de orixe ou calidade para o produto ou servizo, outorgada por unha Administración competente ou organismo autorizado ou por unha entidade de certificación acreditada pola Enac que determine o cumprimento da lexislación correspondente, poderá obviarse a comprobación deste punto sempre que así o preveña o sistema de marca propia da reserva da biosfera.

6. En caso de que se debesen establecer outros requisitos para adaptarse ás novas exigencias nacionais ou internacionais na materia, procederá a modificación do presente regulamento.

Artigo 11. *Valoración da solicitude.*

1. O órgano de xestión da reserva da biosfera ante o cal se presente a solicitude estudará esta e os documentos presentados co fin de determinar que o expediente inclúe toda a documentación exixida.

No caso de que se detectase a falta dalgún documento, requirirase o interesado para que, nun prazo de dez días, emende a falta e acompañe os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixer, se dará por desistido da súa petición, logo da correspondente resolución.

2. Tras a avaliación da solicitude e a comprobación de que esta cumpre cos requisitos documentais exixidos, o órgano de xestión da reserva da biosfera emitirá un informe preceptivo que remitirá ao organismo autónomo Parques Nacionais.

3. O organismo autónomo Parques Nacionais valorará a documentación recibida e poderá pedir canta información, documentación ou informes considere necesarios para efectos da resolución, de conformidade co procedemento previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro.

O organismo autónomo Parques Nacionais emitirá informe coa súa valoración, que trasladará ao Consello de Xestores do Comité Español do Programa MaB, para os efectos da emisión dun informe preceptivo sobre o cumprimento dos requisitos exixidos polo artigo 10. Este proceso poderase facer por medios electrónicos.

Artigo 12. *Concesión da licenza de uso da marca.*

O director do organismo autónomo Parques Nacionais avaliará o expediente da solicitude de licenza e emitirá e notificará a súa decisión de conceder ou denegar a licenza de uso da marca, considerando os informes emitidos, nun prazo máximo de tres meses contados desde a data do rexistro de entrada da solicitude, e o informe preceptivo do xestor da reserva no organismo autónomo Parques Nacionais. Transcorrido este prazo sen que se notificase a resolución, entenderase que a solicitude foi estimada por silencio administrativo, sen prexuízo da obriga de ditara resolución expresa. O organismo autónomo Parques Nacionais comunicarlle ao órgano de xestión correspondente as resolucións adoptadas sobre as solicitudes e licenzas da súa reserva.

A resolución non poñerá fin á vía administrativa e contra ela poderase recorrer en alzada ante o presidente do organismo autónomo Parques Nacionais, de acordo cos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Artigo 13. *Validez da licenza.*

1. A licenza de uso da marca será válida durante catro anos, contados desde a data da notificación da súa concesión polo organismo autónomo Parques Nacionais

2. Conforme o artigo 14, antes de que transcorra o prazo de catro anos, a licenza de uso poderá ser renovada e, se é o caso, actualizada. Este proceso poderá repetirse indefinidamente.

3. A licenza deixará de estar en vigor cando finalizase o prazo de vixencia e non fose renovada, cando fose revogada ou cando lle sexa retirada a autorización da marca propia da correspondente reserva da biosfera, tal e como se estipule no seu propio regulamento.

Artigo 14. *Renovación da licenza de uso da marca.*

A licenza poderá renovarse por outros catro anos, sempre que se cumpran no momento da renovación os requisitos exixidos. O licenciario solicitará a renovación ao órgano de xestión da reserva da biosfera correspondente con ao menos tres meses de antelación á finalización da vixencia. Este proceso poderá repetirse indefinidamente.

O procedemento para a renovación será o previsto nos artigos 11 e 12 para a concesión da licenza do uso da marca.

Artigo 15. *Rexistro.*

O organismo autónomo Parques Nacionais manterá un rexistro das licenzas outorgadas, constatando as datas de concesión e os períodos de validez das licenzas de uso correspondentes, así como unha descrición sucinta dos produtos e servizos a que se conceda a licenza de uso da marca. A consulta ao dito rexistro será pública e gratuíta desde a sede electrónica do citado organismo.

Artigo 16. *Confidencialidade.*

O organismo autónomo Parques Nacionais, así como o órgano de xestión da reserva da biosfera correspondente, garantirán e protexerán os datos persoais e outros datos proporcionados polos licenciarios, conforme a Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. Para iso, estableceranse os correspondentes ficheiros, aos cales os interesados se poderán dirixir para exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, oposición ou cancelación.

CAPÍTULO IV

Obrigas do licenciario, control da licenza de uso da marca e condicións de uso desta

Artigo 17. *Obrigas do licenciario.*

1. O beneficiario da licenza de uso da marca para o seu produto ou servizo está obrigado a garantir, en todo momento, o cumprimento dos requisitos exixidos neste regulamento, así como os exixidos polo órgano de xestión da correspondente reserva da biosfera, que pode ser xustificado mediante unha declaración responsable.

2. Durante o período de vixencia da licenza de uso da marca, o licenciario deberá informar anualmente o órgano de xestión da correspondente reserva da biosfera que, pola súa vez, informará o organismo autónomo Parques Nacionais de calquera cambio que poida afectar o cumprimento dos requisitos exixidos tanto por este regulamento como pola reserva da biosfera.

3. No caso de que se producise algún cambio, como o cesamento temporal ou definitivo na produción do produto ou cambios de forma xurídica ou razón social da empresa, que afectase o punto 1 deste artigo, o beneficiario da licenza deberá comunicar os ditos cambios de maneira inmediata ao órgano de xestión da reserva da biosfera, que os analizará, determinará se é necesario tomar algunha medida adicional e informará o organismo autónomo Parques Nacionais.

Se o cambio puidese dar lugar á revogación da licenza de uso, procederase á tramitación do procedemento previsto no artigo 20.

4. Só se poderán modificar de oficio os requisitos exixidos para os produtos e servizos cando se determine que son esenciais para cumprir a finalidade da marca e se encontren acordes cos principios das reservas da biosfera.

5. Cando a marca fose revogada, o beneficiario da licenza deixará de facer uso desta. Así mesmo, terá que retirar da súa documentación pública calquera referencia á marca.

Non obstante o anterior, o beneficiario poderá volver solicitar o uso da licenza sempre que desaparezan as circunstancias que provocaron a revogación da licenza de uso da marca e se cumpra cos requisitos exixidos por este regulamento e, se é o caso, pola correspondente reserva da biosfera.

Artigo 18. *Control e seguimento do correcto uso da licenza.*

1. Os órganos de xestión das reservas da biosfera serán os encargados de realizar o control do cumprimento dos requisitos establecidos neste regulamento para os produtos e servizos a través do sistema de control desenvolvido polo sistema de marca propia. Este control poderán realizalo directamente os órganos de xestión das reservas ou as empresas certificadoras contratadas para tal efecto e, en última instancia, serán responsables da emisión dos informes sobre o control do cumprimento dos requisitos os órganos xestores das reservas.

2. O organismo autónomo Parques Nacionais valorará, en calquera caso, se o sistema desenvolvido por cada reserva da biosfera para a súa marca propia é suficiente para protexer a marca «Reservas de la Biosfera Españolas».

Artigo 19. *Condicións de uso da marca.*

1. Mediante a concesión da licenza de uso, o licenciatario poderá facer uso da marca para os produtos ou servizos certificados de acordo coas condicións establecidas neste artigo.

2. A concesión da licenza comporta a autorización para utilizar a marca «Reservas de la Biosfera Españolas.»

3. Non poderá facerse uso da marca, total ou en parte, sen contar coa licenza de uso para o produto ou servizo de que se trate.

4. O uso da marca estará restrinxido aos licenciatarios e suxeito ás seguintes condicións:

a) O licenciatario non poderá, en ningún caso, utilizar a marca noutros produtos ou servizos distintos daqueles para os cales se concedeu, nin transferir a licenza de uso da marca a terceiros.

b) A marca «Reservas de la Biosfera Españolas» e a marca propia de cada reserva da biosfera deberán colocarse sen superposicións e sen alteracións.

c) A marca «Reservas de la Biosfera Españolas» só se poderá utilizar de maneira accesoria e nunca a título principal ou como substituto da marca do usuario. En particular, a marca «Reservas de la Biosfera Españolas» non poderá ter unha dimensión igual ou maior á marca do recurso local, produto, ben ou servizo, nin estar colocada nun lugar que induza a erro sobre a súa verdadeira natureza.

d) No caso dos produtos, a marca deberá ir asociada ao produto para o cal se concedeu, non ao fabricante que o produce.

e) No caso dos servizos, a marca estará asociada ao servizo para o cal se solicitou, non aos produtos empregados para a prestación deste.

5. O licenciatario non poderá facer uso desta marca desde o momento en que se produza un dos seguintes feitos:

a) Cando a entidade de certificación que a reserva da biosfera considere para o control e seguimento da súa propia marca lle comunique a suspensión temporal ou a retirada definitiva do certificado da marca da reserva da biosfera do produto ou servizo.

- b) Cando o organismo autónomo Parques Nacionais lle comunique a suspensión temporal ou a revogación da licenza de uso da marca no produto ou servizo.
 - c) Cando caduque o certificado ou a licenza de uso da marca.
6. Considerarase uso abusivo da marca a súa utilización en:
- a) Produtos ou servizos para os cales non fose concedida a licenza.
 - b) Produtos ou servizos cuxa licenza de uso da marca estea suspendida temporalmente ou revogada.

Artigo 20. *Incumprimento das obrigas e condicións.*

1. O órgano de xestión da reserva da biosfera que teña coñecemento de condutas ou feitos que puidesen supor incumprimento por parte do licenciario das obrigas e condicións establecidas neste regulamento comunicarao ao organismo autónomo Parques Nacionais para os efectos da iniciación do procedemento de revogación da licenza de uso da marca.

2. O procedemento de revogación iniciarase por acordo do director do organismo autónomo Parques Nacionais, que se lle notificará ao licenciario afectado e ao órgano de xestión da reserva, e outorgaráselles un prazo de quince días para presentar as alegacións que consideren procedentes.

Iniciado o procedemento, o director do organismo autónomo Parques Nacionais poderá adoptar, como medida provisional, a suspensión temporal da licenza de uso da marca para efectos de asegurar a eficacia da resolución que se puidese ditar, de conformidade co disposto no artigo 56 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

3. O órgano que tramite o procedemento realizará de oficio cantas actuacións resulten necesarias para o exame dos feitos e solicitará os datos e informacións que sexan relevantes para determinar a existencia de incumprimento das obrigas e condicións recollidas no presente regulamento. En todo caso, solicitarase informe preceptivo ao Consello de Xestores do Comité Español do Programa MaB.

Instruído o procedemento, darase trámite de audiencia para os efectos de poñelo de manifesto ao interesado, e outorgaráselles un prazo de quince días para presentar as alegacións que considere pertinentes.

4. O procedemento finalizará por resolución do director do organismo autónomo Parques Nacionais na que se decidirá a existencia ou non de incumprimento por parte do licenciario das obrigas e condicións establecidas neste regulamento, e comunicarse a resolución ao licenciario e ao órgano xestor da reserva.

A resolución non poñerá fin á vía administrativa e será recorrible en alzada ante o presidente do organismo autónomo Parques Nacionais de acordo cos artigos 120 e 121 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

5. Se se acredita o incumprimento de calquera dos requisitos que serviron de base para a concesión da licenza ou das obrigas derivadas da súa obtención, así como das condicións recollidas no artigo 19, a resolución dispoñerá a revogación da concesión da licenza de uso da marca.

6. A renuncia do licenciario ao uso da marca supoñerá a revogación desta que se manifestará por resolución do director do organismo autónomo Parques Nacionais.

7. No caso de revogación da licenza de uso da marca, o organismo autónomo Parques Nacionais e o órgano de xestión da reserva da biosfera correspondente poderán dar a publicidade que consideren oportuna para manter a imaxe da marca «Reservas de la Biosfera Españolas» e do dereito dos consumidores e usuarios a unha información veraz.

8. Calquera uso abusivo da marca, definido no artigo 19.6 por parte do licenciario ou dun terceiro, facultará o organismo autónomo Parques Nacionais a iniciar as accións xudiciais que considere convenientes.

Disposición adicional única. *Financiamento.*

A aprobación deste real decreto non supoñerá incremento do gasto público e atenderase cos medios humanos e materiais existentes no organismo autónomo Parques Nacionais.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase en virtude da competencia estatal en materia de lexislación básica sobre protección do ambiente de conformidade co disposto no artigo 149.1.23.^a da Constitución, ben que non constitúe lexislación básica senón que se dita en exercicio das competencias de desenvolvemento e execución do artigo 149.1.23.^a que corresponden ao Estado polo alcance internacional da dita materia.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 5 de decembro de 2016.

FELIPE R.

A ministra de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente,
ISABEL GARCÍA TEJERINA

ANEXO I

Requisitos esenciais

Os solicitantes terán que cumprir cos seguintes requisitos para poder obter a licenza de uso da marca «Reservas de la Biosfera Españolas»:

1. Posuír acreditación de marca propia dalgunha reserva da biosfera española e, no caso das empresas de turismo, ter aplicado os requisitos e estar adheridas ao Club de Produto Turístico Reservas da Biosfera Españolas creado pola Secretaría de Estado de Turismo do Ministerio de Industria, Enerxía Turismo e aprobado polo Comité Español do programa MaB da UNESCO.

2. Cumprir o seguinte en función da metodoloxía de produción e das materias primas ou recursos utilizados.

a) Para o caso de produtos agroalimentarios, que as materias primas utilizadas procedan en máis dun 50 % dun territorio declarado como reserva da biosfera. Este requisito verase supeditado ao exposto en referencia á procedencia de materias primas no regulamento de uso da marca propia de cada reserva da biosfera.

b) Para o caso dos produtos artesanais, que sexan elaborados dentro dos límites dunha reserva da biosfera.

c) Para os servizos turísticos de aloxamento e restauración, deberán estar situados no interior dunha reserva da biosfera.

d) Para outros servizos turísticos, que estes se desenvolvan cando menos nun 50% no interior da reserva da biosfera.

e) O produtor ou o titular do servizo, se é o caso, debe contar coas licenzas e permisos establecidos pola lexislación sectorial aplicable e vixente en cada momento.

f) No caso de produtos agroalimentarios, deben acreditar o cumprimento dos correspondentes requisitos hixiénico-sanitarios establecidos pola autoridade competente na materia para cada caso, tanto no propio produto como nos procesos e instalacións relacionadas con el.

g) Tanto nos produtos agroalimentarios, nos artesanais como nos servizos, débense recoller documentalmente as especificacións de calidade do produto ou servizo, igual que os procedementos de control e o seu resultado.

3. Contribuír á consecución de beneficios ambientais e de sustentabilidade na fabricación dos produtos ou prestación dos servizos.

a) Deberase acreditar unha xestión ambiental da actividade (tratamento de residuos, consumo de enerxía, auga, etc.) en consonancia coa figura da reserva da biosfera.

b) Asumir un compromiso formal de mellora continua no comportamento ambiental, de carácter anual.

c) Contar cun manual de boas prácticas ambientais.

4. Contribuír á consecución de beneficios culturais.

a) Formalizarse un compromiso coas tradicións culturais e identificadoras do lugar no cal se desenvolve a actividade.

Será responsabilidade da entidade xestora de cada reserva da biosfera contar cun sistema de control e seguimento, establecido no regulamento da súa marca propia, do cumprimento dos requisitos exixidos por este regulamento e dos requisitos específicos exixidos polo sistema de marca propia.

ANEXO II**Requisitos non esenciais**

Os organismos involucrados no proceso de concesión da licenza de uso da marca «Reservas de la Biosfera Españolas» considerarán, á hora de realizar o estudo de valoración da solicitude, o cumprimento dos requisitos que se enumeran a continuación.

1. O produto foi producido seguindo métodos tradicionais desenvolvidos dentro da reserva da biosfera.
2. O produto foi producido sen seguir métodos tradicionais pero si cuns criterios de calidade extra en comparación con outros produtos da súa mesma categoría.
3. Contribuíuse á recuperación de actividades agrícolas e gandeiras, baixo prácticas sustentables, dentro do territorio reserva da biosfera.
4. Trátase de produtos e servizos innovadores.
5. Trátase de produtos e servizos vinculados á utilización de enerxías renovables.
6. Trátase de produtos e servizos vinculados á utilización de reciclaxe.
7. Trátase de produtos e servizos vinculados á utilización da mobilidade sustentable.
8. O servizo contribúe a poñer en valor o patrimonio natural e cultural da reserva da biosfera.
9. Participase activamente no desenvolvemento de actuacións impulsadas desde os órganos de xestión de cada reserva da biosfera.
10. Cóntase cun sistema de xestión e control de calidade.
11. Existe unha memoria de sustentabilidade, accesible e á disposición do público.

O cumprimento de parte ou de todos os requisitos enumerados neste anexo non exixe do cumprimento dos requisitos definidos no anexo I, ou exixidos pola correspondente reserva da biosfera. Estes requisitos darán un valor engadido á solicitude.

ANEXO III**Principios do Pacto mundial de Nacións Unidas referente á responsabilidade social empresarial (RSE) nas áreas de dereitos humanos, normas laborais, ambiente e loita contra a corrupción nas actividades e a estratexia de negocio das empresas****Dereitos humanos:**

Principio 1: as empresas deben apoiar e respectar a protección dos dereitos humanos fundamentais recoñecidos universalmente, dentro do seu ámbito de influencia.

Principio 2: as empresas débense asegurar de que as súas empresas non son cómplices da vulneración dos dereitos humanos.

Estándares laborais:

Principio 3: as empresas deben apoiar a liberdade de asociación e o recoñecemento efectivo do dereito á negociación colectiva.

Principio 4: as empresas deben apoiar a eliminación de toda forma de traballo forzoso ou realizado baixo coacción.

Principio 5: as empresas deben apoiar a erradicación do traballo infantil.

Principio 6: as empresas deben apoiar a abolición das prácticas de discriminación no emprego e ocupación.

Ambiente:

Principio 7: as empresas deberán manter un enfoque preventivo que favoreza o ambiente.

Principio 8: as empresas deben fomentar as iniciativas que promovan unha maior responsabilidade ambiental.

Principio 9: as empresas deben favorecer o desenvolvemento e a difusión das tecnoloxías respectuosas co ambiente.

Anticorrupción:

Principio 10: as empresas deben traballar en contra da corrupción en todas as súas formas, incluídas a extorsión e o suborno.

ANEXO IV

Marca

